

Manuel Rico López, Manolo o de Rico

"Fun labrador toda a miña vida, traballamos moito, pero sempre nos foi ben. Temos sacado ata cinco carros cheos de patacas"

Ana F. Palén

Manolo o de Rico, naceu fronte ao Pazo da Marquesa de San Sadurniño e a súa vida xirou en torno ao Pazo e ao Convento das monxas. Aos seus oitenta e sete anos, impecablemente vestido e saudando amigablemente a todo o mundo, mesturou as bágoas e a emoción, coa que fá lembrando a súa vida, co sorriso sempre disposto que o caracteriza. Os que o coñezan botarán en falla a súa inseparable boina, coa que non quixo saír na foto, "así pode que non me coñezan, sempre vou con ela", engage nun arranque de timidez, "eu non quero falar da miña vida, conto o que lembro da duquesa, que é moito porque xa vou moi vello...". De seguro que todos os que o coñezan, recoñecerán nestas liñas, non só unha boa parte da historia de San Sadurniño, senón tamén, o reflexo da vida de moitos homes e mulleres.

Aparentemente pequeno e miúdo, amosou ser un grande home sacando adiante a súa familia logo de quedar sen pai moi novo. Amosa con orgullo unha carta asinada pola "Duquesa da Conquista", "queríanos como se fósemos da familia, meu pai era caseiro dela e cando el morreu seguín eu facéndome cargo das terras".

Monaguillo aos sete anos, precisaba levar un cartón para deleitar o que tiña que contestar, "cando puxeron a primeira pedra



do convento das monxas, eu estaba aguantando da auga bendita. De cando en vez o cura dábame unha peseta, que daquela era moi, con cinco compraba unha ovela". Garda tamén o recordo da visita de Alfonso XIII, "parecía que se ia acabar o mundo con tanta xente para un home só, había gardas a cabalo por todos lados; foi un acontecemento, saliu ao balcón, deu unha charla e de seguido se retirou".

A Duquesa

Os caseiros das terras da marquesa pagaban unha renda ao ano, "pequena, era pouco máis que a contribución, cando el morreu e venderon todo, acabei comprando as terras nas que traballamos toda a vida". "Os caseiros da

Cortiña, dábanos 50 ferrados de maíndo ao ano aos que levaban a granya da marquesa. Eles, pola súa banda, tiñan que dar os polos, a leite e os ovos que se precisaban no Pazo, os tres meses de verán, nos que ela viña cada ano".

A Duquesa acostumaba vir con cinco ou seis serventes, además das moitas visitas que tiña por costume recibir. O resto do tempo quedaba unha señora para limpar, un que dormía ali e o xardineiro. "Os xardins eran impresionantes, había moitas fontes e camiños sen unha herba. Na fraga había unha caseta, que ata tiña cortinas, con mesas e cadeiras onde ían merendar cando tiñan invitados. Nós metíámornos dentro das cañotas dos carballos da fraga, de grandes que eran. Ovitáron-

nas todas, hoxe non as deixarian tocar".

Manolo lembra de cotío a xente que viña de visita e o ben vestidas e fermosas que eran as mulleres, "cando a duquesa pasabas pola fraga, un garda ia diante cunha corneta avisando, non podía pasar nin un paxaro mentres ela estivera por allí". "Cando viñan os invitados xogaban ao tenis e sendo eu pequeno tiña que recoller a pelota cunha especie de truel, dado que non podía collela coa man".

Só ten boas palabras para a Duquesa, "sempre mirou por nós e polos desfavorecidos". Ademais da Escola do Neno Xesús, organizaba unha dominical para os que non podían ir a diario, "as monxas ensinaban a ler, escribir e

cociñar ás mozas, e aproveitaban tamén para mocear...". Aos que ían ao catecismo dáballe uns vales, e cando ela viña facía unha feira, "en no patio do pazo e ali podíamnos canxejar os vales por xoguetes ou por outros agasallos. Era como se viñeras os Reis no veirán, ela disfrutaba moito con iso. E se había algúin neno que choraba porque non tiña vales suficientes, dáballe o xoguete".

Labrador

Manolo foi labrador toda a súa vida, "traballamos moi, pero sempre nos foi ben. Tiñamos vacas, cabalos, ovelas, de todo. Traballaba moi no campo e tamén nas terras das monxas e dun tío. Temos collido ata 5 carros de patacas no lado de alá do río, sementábamos tamén 30 ferrados de maíndo e fabas no medio..."

Foi tamén concelleiro no ano 58 e presidente da Irmandade de labradores, "pouco se podía facer máis que lavadoiros, non había cartos. Pero conseguimos sacar o recibo que pagábamos por ter as vacas. Pagábamos por ter o carro e tamén polas vacas, jos labregos ademais de traballar arreo, tiñamos que pagar por todo!".

Malia que xa está xubilado desde hai moitos anos, ainda axuda no coñadizo das vacas, planta patacas, maíndo, "de máis de tres metros de alto". E le o xornal todas as mañás desde hai máis de trinta anos. "Non vou a lado ningún, non son de sair, máis que a dar unha volta, ao concello, ao cementorio..."